

ACTA ANTERIOR:

1º) APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN REALIZADA O 31 DE XULLO DE 2017. Polo Sr. **Presidente** pregúntaselle aos asistentes á sesión se teñen que formular algunha observación á acta que se somete a aprobación.

A **Sra. Rodríguez Búa, concelleira non adscrita**, indicou que existía un erro na intervención súa recollida na liña final do folio 49, xa que onde se indica literalmente que “anunciando que non vai votar en contra da proposta”, debía dicir que “anunciando que vai votar en contra da proposta”.

O Sr. **Secretario** sinalou que se procedía a corrixir o dato apuntado pola **Sra. Rodríguez Búa**.

Ao non se formular ningunha observación mais, **apróbase por unanimidade a referenciada acta**, coa rectificación sinalada anteriormente .-----

A) PARTE DISPOSITIVA:

2º) APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA CONTA XERAL CONSOLIDADA DO ANO 2016 DO CONCELLO DE SANXENXO. O Sr. **Secretario** sinalou que, durante o período de información pública, non se produciron alegacións sobre esta Conta, levada á **Comisión de Contas, Asuntos Económicos e Patrimonio do 10 de xullo de 2017**.

Ao non se producir intervencións, o Sr. **Presidente** someteu a **Conta Xeral Consolidada do Ano 2016 do Concello de Sanxenxo** a votación na que, **por unanimidade, resultou aprobada, adoptándose o seguinte acordo:**

“PRIMEIRO: Aprobar a Conta Xeral Consolidada do ano 2016 do Concello de Sanxenxo, que se informou pola Comisión de Contas, Asuntos Económicos e Patrimonio na sesión celebrada o 10 de Xullo de 2017.

SEGUNDO: Remitir o documento ao Consello de Contas de Galicia e ao Tribunal de Contas do Estado”.-----

3º) APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO PROXECTO DE ORZAMENTO XERAL PARA O ANO 2017. ORZAMENTOS SEPARADOS. CADRO DE PERSOAL. . O Sr. **Secretario** dá conta do ditame favorable da **Comisión de Contas, Asuntos Económicos e Patrimonio do 20 de setembro de 2017** sobre esta proposta.

O Sr. **Guisasola Padín, concelleiro do Grupo Municipal do Partido Popular**, agradeceu o traballo do equipo de Intervención do concello, destacou que se cumprían os parámetros de consolidación fiscal, que os presupostos tiñan mais capacidade investidora e que existían cinco plans directores.

A **Sra. Rodríguez Búa, concelleira non adscrita**, dixo que se podía vivir co orzamento prorrogado e lembrou que o anterior goberno municipal intentou aprobar un presuposto, no que xa figuraban plans directores, polo que non son novidade, para destinar o superávit a investimentos, sen que a oposición aprobábase e agora, no goberno, se o fan co mesmo esquema, o que demostra que pretendían entorpecer a acción do anterior equipo de goberno. A interveniente aludiu a que quedou sen repartir o complemento persoal transitorio destinado a homoxeneizar situacións

desiguais entre o persoal, en total 100.000 euros a repartir este ano, contando o do exercicio anterior, engadindo que só se preocuparon de incluír un complemento de produtividade, que é moi difícil de repartir, porque o impide o plan de axuste, só pode solucionarse corrixíndoo previa autorización do Ministerio de Facenda, a cambio de contrapartidas e sen efectos retroactivos e todo para evitar un erro do **Sr. Alcalde**, sobre o que no seu día advertiu a interveniente e, por todo o dito, anunciou que non ía a aprobar o orzamento.

O **Sr. Agís Balboa, concelleiro non adscrito**, sinalou que ía a votar a favor dos orzamentos, precisando que este ano tivo tempo suficiente para velos, non como o ano pasado e pediu investimentos en temas sociais, reforma do Centro de Día, apoio a xuventude, activar a Oficina de Información a Xuventude e crear unha sala de ensaio.

A **Sra. González-Haba Pérez, voceira do Grupo Municipal Mixto**, denunciou que recibiu a documentación en fotocopias en branco e negro, que case non se podían ler, polo que en aras á transparencia, solicitou que se lle facilitase a documentación en CD ou mediante un pen drive. A interveniente dixo que había partidas chocantes, como a reposición da bomba de calor ou novos despachos e destacou o escaso investimento en parques infantís, tratándose duns orzamentos que non pensaban nas necesidades dos veciños, engadindo que os incentivos en produtividade están en relación cos servizos extraordinarios prestados pola policía no verán, sendo todas estas razóns polas que votará non aos orzamentos.

O **Sr. Otero Domínguez, voceiro do Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego**, explicou que nos anos 2013, 2014 e 2015 houbo remanente de tesourería negativo, porque caeron os ingresos e existiu unha política de gastos pouco responsable. O interveniente continuou dicindo que o goberno anterior, durante os dous primeiros anos desta lexislatura, dedicouse a corrixir este remanente e dar os pasos para xerar o superávit e posibilitar os investimentos, precisando neste momento que no presuposto do ano 2016, que non aprobou a oposición, xa figuraban os plans directores, engadindo que se agora existe superávit é porque algo se fixo ben no goberno anterior, temendo que no futuro pódase volver ao pasado e sinalando que se trataba dun orzamento pouco relevante, feito nunhas condicións moito mellores que as encontradas por eles no ano 2015.

O **Sr. Guisasola Padín** destacou que facía uns meses tendéronlle a man ao goberno anterior para aprobar os presupostos e nunca os chamaron, comentándolle á **Sra. González-Haba Pérez** que efectivamente se lle entregaron fotocopias, pero tivo a súa disposición os orixinais, precisando que a outros corporativos mandóuselles a documentación por correo electrónico, porque así pedírono. O interveniente especificou que, se non se aprobaban os presupostos, perderíanse 840.000 euros de capacidade de investimento e que se deflactaba o IBI por uns 300.000 euros, mantendo ao 100 por cento os servizos sociais. Á **Sra. Rodríguez Búa** lembroulle que non fixo nada por repartir os 50.000 euros do complemento persoal transitorio, engadindo que, no ano 2012, non se cumpría ningún parámetro económico e o 15 de xullo do 2015, cumpríanse todos, agás o remanente de tesourería, explicando que desde o ano 2012, as liñas dos presupostos veñen marcadas polo Plan de Axuste e pechando a súa intervención para manifestar que nos orzamentos anteriores a 2012, xa había plans directores.

A **Sra. Rodríguez Búa** indicou que se cambiou a propósito a finalidade dos 50.000 euros, estando por ver se se producirá a autorización. A concelleira no uso da palabra proseguiu dicindo que se non repartiu o complemento, foi porque preferiu reservalo para facer un reparto mais xusto e loable, sempre pensando que lles quedaban dous anos de goberno e rematou sinalando que na súa anterior intervención deixou claros os motivos polos que non se aprobaron os presupostos do goberno anterior, doédonlle que o seu esforzo, agora, gócenos outros.

O **Sr. Agís Balboa** lembrou, respecto da tramitación dos presupostos do goberno anterior, que cando lle daban a documentación apenas quedaba tempo para lela, explicando que a característica do citado goberno era a falta de diálogo, engadindo que había que acelerar a gravación das sesións, para que se poidan revisar e a xente poida saber o que pasa, posto que as actas só recollen o básico, recalcando que ía votar a favor dos orzamentos.

O **Sr. Otero Domínguez** aludiu a que a anterior intervención era a dun concelleiro na busca dun goberno, o que evidencia a pinza existente fronte ao goberno municipal precedente, polo que non existiu outra posibilidade de aprobar os presupostos que mediante a Xunta de Goberno, antes da sentenza do Tribunal Constitucional. Polo que respecta ao dito polo **Sr. Guisasola Padín** sobre o non cumprimento dos parámetros cando chegou ao goberno, lembrou que os anos anteriores a esa data, o que gobernaba o concello era o PP, engadindo que os plans directores procedían do superávit que se conseguiu nos últimos dous anos polo anterior goberno e que a baixa do IBI supúxolle ao concello 300.000 euros, que apenas notaron os veciños, indicando que segundo o informe de Intervención emitido no seu día, aínda había marxe para a rebaixa, estando por ver que se atrevan a facela.

O **Sr. Guisasola Padín** especificou que se ía seguir rebaixando o IBI, aínda que probablemente este ano non poderían e que, pola culpa da crise, deixouse de ingresar, pero non porque se fixeran chanchullos, lembrando que se pasou de 300 a 25 días de espera no pago medio a provedores, grazas as medidas do PP. O interveniente tamén destacou que durante 10 días a oposición non aportou nada aos presupostos, agás o **Sr. Agís Balboa**, a quen lle agradece o aportado, agardando que en 15 días estean operativos os orzamentos e que xa estaban a traballar para os do ano 2018.

O **Sr. Presidente** en primeiro lugar agradeceu ao equipo de goberno e, especialmente, ao **Sr. Guisasola Padín** o traballo realizado, así como aos servizos económicos do concello, porque era moi importante aprobar estes orzamentos. Ao **Sr. Agís Balboa** agradeceulle o voto favorable e por ser o único que fixo propostas ao goberno. Á **Sra. González-Haba Pérez** e respecto da bomba de calor, díxolle que tivo case que ser o primeiro a facer, tendo en conta como estaba a antiga, engadindo que os veciños aplauden o cambio do rexistro e que nestes meses conseguiu mas de 200.000 euros de financiamento en varios convenios. Á **Sra. Rodríguez Búa** indicoulle que, como mínimo, tiña que darlle a actuación da policía este verán un aprobado alto e que era mellor gastar na policía que contratar seguridade privada de Nauta, engadindo que non se ía a facer nada ilegal. Por último ao **Sr. Otero Domínguez** díxolle que era para darlle as grazas, porque por el estaba o interveniente sentado na alcaldía, ao ir contra o propio goberno do que formaban parte.

Ao non se producir mais intervencións, o **Sr. Presidente** someteu a proposta a votación, alcanzándose o seguinte resultado:

Votos a favor: 12 (Grupo Municipal do Partido Popular, Grupo Municipal de Sanxenxo Agrupación Liberal e Sr. Agís Balboa, concelleiro non adscrito).

Votos en contra: 5 (Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego, Grupo Municipal Mixto e Sra. Rodríguez Búa, concelleira non adscrita).

Votos pola Abstención: 0.

En consecuencia, o Pleno da Corporación Municipal, pola maioría absoluta dos seus membros de dereito, adoptou o seguinte acordo:

“PRIMEIRO: Aprobar o orzamento xeral consolidado do Concello de Sanxenxo para o ano 2017 que integra o da propia entidade local, o O.A. Terra de Sanxenxo, a previsión da sociedade mercantil Turismo de Sanxenxo, S.L., a previsión da sociedade mercantil Nauta Sanxenxo e a previsión da sociedade mercantil Ínsula por un importe total de 22.719.296,04 € en ingresos e de 22.425.200,92 € en gastos (despois de eliminacións internas), as eliminacións ascenden en termos legais de consolidación a 3.480.000,00 €, co seguinte desglose:

ESTADO DE INGRESOS

CAP.	E. LOCAL	TERRA	TURISMO	NAUTA	ÍNSULA	TOTAL	ELIMINACIÓNS	CONSOLIDACIÓN
1	8.539.001,74	0,00	0,00	0,00	0,00	8.539.001,74	0,00	8.539.001,74
2	329.100,51	0,00	0,00	0,00	0,00	329.100,51	0,00	329.100,51
3	5.068.395,87	718.577,58	59.468,56	1.737.460,22	300.000,00	7.883.902,23	175.000,00	7.708.902,23
4	4.384.801,10	3.835.774,56	0,00	10.000,00	0,00	8.230.575,66	3.305.000,00	4.925.575,66
5	137.034,25	0,00	0,00	100,00	0,00	137.134,25	0,00	137.134,25
6	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00
7	1.074.145,06	5.436,59	0,00	0,00	0,00	1.079.581,65	0,00	1.079.581,65
8	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00
9	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00
TOTAL	19.532.478,53	4.559.788,73	59.468,56	1.747.560,22	300.000,00	26.199.296,04	3.480.000,00	22.719.296,04

ESTADO DE GASTOS

CAP.	E. LOCAL	TERRA	TURISMO	NAUTA	ÍNSULA	TOTAL	ELIMINACIÓNS	CONSOLIDACIÓN
1	4.711.988,13	2.140.768,68	34.981,71	548.467,49	61.357,50	7.497.563,51	0,00	7.497.563,51
2	7.647.938,85	1.889.595,67	19.486,85	784.041,11	134.599,00	10.475.661,48	175.000,00	10.300.661,48
3	124.773,04	3.000,00	0,00	20.000,00	0,00	147.773,04	0,00	147.773,04
4	3.276.488,24	265.000,00	0,00	0,00	10.000,00	3.551.488,24	3.305.000,00	246.488,24
6	2.256.410,45	261.424,38	0,00	200.000,00	0,00	2.717.834,83	0,00	2.717.834,83
7	54.695,79	0,00	0,00	0,00	0,00	54.695,79	0,00	54.695,79
8	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00
9	1.460.184,03	0,00	0,00	0,00	0,00	1.460.184,03	0,00	1.460.184,03
TOTAL	19.532.478,53	4.559.788,73	54.468,56	1.552.508,60	205.956,50	25.905.200,92	3.480.000,00	22.425.200,92

SEGUNDO: Aprobar o cadro de persoal que figura como anexo do orzamento e que se aproba conxuntamente co orzamento, de acordo co disposto no artigo 90 da Lei 7/1985, de 2 de abril, de bases de réxime local.

TERCEIRO: Proceder á exposición pública do orzamento aprobado polo prazo de quince días hábiles, mediante anuncio que se inserirá no boletín oficial da provincia e no taboleiro de anuncios do Concello, a efectos de reclamacións, entendéndose, definitivamente aprobado no caso de que estas non se presentaran”-----

4º) PROPOSICIÓN DA ALCALDÍA PARA SUSPENSIÓN DOS PROCEDIMENTOS DE OUTORGAMENTOS DE LICENZAS EN DETERMINADOS SECTORES DE SOLO URBANIZABLE DELIMITADO DO PXOM A FIN DE ESTUDAR A MODIFICACIÓN DA SÚA ORDENACIÓN URBANÍSTICA. O Sr. Secretario dá conta do ditame favorable da Comisión de Urbanismo do 20 de setembro de 2017 sobre esta proposta.

A Sra. Deza Martínez, voceira do Grupo Municipal do Partido Popular, explicou que o PXOM sectorizou 30 solos urbanizables, dos que só se recibiron dous, cun importante cambio na situación económica e legislativa, polo que para evitar situacións de fora de ordenación, había que acudir a esta suspensión.

A Sra. Rodríguez Búa, concelleira non adscrita, manifestou que confiaba nos informes, pero a proposta parecía ter unha finalidade altruísta que lle custa crer, preguntándose porque o PP fixo respecto das vivendas de protección oficial, unha proposta en contra dos intereses dos veciños, que demostra a súa verdadeira natureza en materia urbanística, chamándolle a atención unha medida que non levaba o PP no programa, crendo que pode existir outra finalidade e anunciando que a posibilidade de que volva a especulación urbanística non vai a contar co seu voto.

O Sr. Agís Balboa, concelleiro non adscrito, lembrou que o PXOM era do 2003 e o Plan de Infraestruturas do 2006, estando en contra das aberracións urbanísticas que se fixeron, pero iso non quere dicir que non se poidan cambiar, indicando que a normativa existente na aprobación do PXOM trocou e que non lle gustaba que este concello estivese cheo de vivendas, cos problemas que iso trae. O interviniente matizou que as necesidades do concello é a normativa son diferentes, sinalando que todo vai a depender do equipo de goberno e que os informes resaltan que os prazos mais lentos de desenvolvemento remataban no ano 2009, polo que non se terán que devolver cartos.

A Sra. González-Haba Pérez, voceira do Grupo Municipal Mixto, explicou que estaba de acordo co dito pola Sra. Rodríguez Búa e que o informe era impecable, pero non vía nada claro o que non estaba escrito, volvendo a un modelo urbanístico pensado para xente de elevado poder adquisitivo, cando había que xestionar vivendas para mozos e persoas con dificultades económicas, así como en resolver a situación do polígono de Nantes, que se dixo que se ía a solucionar en tres meses e segue igual. Finalizou a súa intervención para lembrar que o Sr. Gonzalo Pita dicía que o Sr. Martín González endebudou ao concello con cuestións urbanísticas, polo que se tivese coherencia, votaría en contra e para sinalar que esta proposta traería un panorama de inseguridade xurídica, polo que votará en contra.

O **Sr. Otero Domínguez, voceiro do Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego**, destacou que desde a aprobación do PXOM, entrou en vigor o POL, as novas Leis do Solo de Galicia e de Costas, entre outras, polo que existe unha necesidade de actualizar o PXOM e adaptalo a normativa, pero para todo o conxunto do concello, lembrando que só 13 solos urbanizables completaron a tramitación e que os prazos xa están superados en case nove anos, demostrando o fracaso dun modelo urbanístico. O interveniente proseguíu dicindo que os propietarios afectados por esta suspensión xa non son pequenos, senón a SAREB, entidades bancarias, etc, estando por ver como se plánte a modificación, cando o valor construtivo é 0 e preténdese unha renegociación do aproveitamento dos solos urbanizables.

O **Sr. Gonzalo Pita, voceiro do Grupo Municipal de Sanxenxo Agrupación Liberal**, incidiu no impecable que era o informe emitido pola asesora xurídica, que entrou no concello na súa época na alcaldía para dar seguridade xurídica e en que había que mirar para diante e rectificar os erros que se puideron cometer.

A **Sra. Deza Martínez** indicou que se pretendía baixar a intensidade edificatoria e conseguir unha adaptación á normativa vixente e que, se non se adoptaba este acordo, podían desenvolverse os solos mantendo a densidade edificatoria actual, lembrando que o POL afectou a varios solos, que sen esta norma, probablemente, estarían aprobados. A interveniente sinalou que se deberían deixar de mirar escurantismos, porque había que facer unha ordenación nova, tendo en conta que agora non se demanda a tipoloxía edificatoria actual, coa que ademais tan só recibíronse dous solos.

A **Sra. Rodríguez Búa** resaltou que o informe xurídico non tiña intención política, que era onde cría que estaban as dúbidas e manifestou que mais da metade do informe dedícase a estudar o tema da responsabilidade, que era moi importante, lembrando que noutras ocasións tamén se contaba con informes favorables e despois deciden os xuíces, polo que non existe seguridade xurídica ao 100 por 100, non podendo esquecer o que se fixo neste concello en materia urbanística, polo que co seu voto non permitirá volver ao realizado na anterior época do actual alcalde e que custou moito diñeiro.

O **Sr. Agís Balboa** indicoulle ao **Sr. Otero Domínguez** que dicía que fracasou o modelo urbanístico, pero agora non o quere cambiar, precisando que non quería rañaceos en Sanxenxo e, se se lles pode por freo, mellor. A continuación o interveniente destacou que o informe de Intervención sinalaba que o acordo non afectaba a estabilidade orzamentaria e que non se pode desconfiar dos informes, porque entón non se faría nada e, dirixíndose novamente ao **voceiro do Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego**, manifestoulle que se soubese negociar, probablemente, seguiría no goberno e que, cando hai problemas, téñense que revisar cando existe posibilidade como agora, independentemente de que procedesen da anterior época do **Sr. Martín González** na alcaldía, engadindo que ía votar a favor da proposta, posto que se se quere cambiar a mellor hai que facelo, tendo un ano para estudar a solución.

O **Sr. Otero Domínguez** especificou que o dito polo BNG no ano 2003 foi acertado, no sentido de que o negocio non estaba en construír vivendas, senón na compra e venda de terreos, comprábanse baratos e o negocio xa estaba feito e aludiu a que se defendeu un modelo de urbanizacións que houbo 14 anos para levalo adiante e fracasou, cun manifesto incumprimento de prazos, engadindo que o BNG no ano 2006, respecto do Plan Director de Saneamento, dixo que era un brinde ao sol e volveu a acertar, díxose que se ía facer á conta dos promotores e estano a pagar os veciños, finalizando a súa intervención para dicir que este acordo era para preparar o terreo para facer algo que se verá dentro duns anos.

A **Sra. Deza Martínez** díxolle ao anterior interviniente que o Plan Director de Saneamento se fixo para os solos urbanizables e o urbano non consolidado, non tendo nada que ver os solos de núcleo rural e o solo urbano consolidado, precisando que agora se pretende incorporar un plan que permita un desenvolvemento das infraestruturas que redundaría en beneficio dos veciños, preguntándolle ao **Sr. Otero Domínguez** que realizou nos dous anos anteriores e engadindo que o que mais lle preocupa é o SU 11, tratándose de minorar os seus efectos, engadindo que xa pasaron 14 anos e que cambiaron as necesidades, polo que procedía revisar estes solos.

O **Sr. Presidente** precisou que foi o único dos presentes nesta sesión que aprobou o PXOM, estando orgulloso do Plan que se fixo, aclarando que era mellor ter Plan que non telo, preguntándose que sería de Sanxenxo sen o PXOM.O interviniente continuou dicindo que as aberracións proceden das Normas Subsidiarias anteriores, que hoxe era o momento de aprobar a suspensión de licenzas e, sobre o escurantismo, especificou que será cando se aprobe inicialmente a modificación, cando se poderá falar.O interviniente explicou que os SU 13 e14 supuxeron unha importante cantidade de diñeiro para os veciños de Noalla e que os problemas nestes solos veñen da aprobación duns convenios no ano 2007, despois de irse, que eran distintos dos que se tiñan antes, engadindo que non se revisa todo o territorio, porque non quere que se tomen decisións que poidan prexudicar aos veciños.Finalmente indicou que non tivo que ir ao xulgado e que había que poñer o reloxo a cero, recoñecendo que non lle gusta o que se fixo nalgúns solos urbanizables e que se se fixesen agora, cos coñecementos que ten, non se realizarían así.

Ao non se producir mais intervencións, o **Sr. Presidente** someteu a proposta a votación, alcanzándose o seguinte resultado:

Votos a favor: 12 (Grupo Municipal do Partido Popular, Grupo Municipal de Sanxenxo Agrupación Liberal e Sr. Agís Balboa, concelleiro non adscrito).

Votos en contra: 4 (Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego e Grupo Municipal Mixto).

Votos pola Abstención: 1 (Sra. Rodríguez Búa, concelleira non adscrita).

En consecuencia, o **Pleno da Corporación Municipal, pola maioría absoluta dos seus membros de dereito, adoptou o seguinte acordo:**

PRIMEIRO: Suspende os procedementos de outorgamento de licenzas de parcelación de terreos e de edificación en determinados sectores de solo urbanizable do PXOM de Sanxenxo coa finalidade de estudar a modificación da súa ordenación urbanística, durante o prazo dun ano dende a publicación deste acordo ou, no seu caso, ata a aprobación inicial da modificación puntual do Plan Xeral de Ordenación Municipal cando esta teña lugar dentro do prazo de vixencia da suspensión facultativa.

O contido e alcance da suspensión son os que se determinan no resume executivo incorporado ao expediente e denominado “*Suspensión facultativa de licenzas para o estudo da modificación da ordenación urbanística dos sectores de solo urbanizable nº 1, 2, 4, 5, 7, 8, 9, 11, 12, 13, 14, 16, 17, 18, 19, 20, 21, 22, 23, 24, 25, 26, 27, 29 e 30 do PXOM de Sanxenxo*”.

SEGUNDO: Publicar este acordo no Diario Oficial de Galicia e nun dos periódicos de maior circulación da provincia”.-----

5º) PROPOSTA DA ALCALDÍA PARA APROBACIÓN DA ORDENAZA REGULADORA DA CREACIÓN DOS FICHEIROS DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL DENOMINADOS “VIDEO VIXILANCIA”. O Sr. **Secretario** dá conta do ditame favorable da **Comisión de Asuntos Xerais do 20 de setembro de 2017** sobre esta proposta.

A **Sra. Rodríguez Búa, concelleira non adscrita**, anunciou o seu voto favorable a proposta, posto que se trataba dunha medida pendente da súa etapa no goberno municipal, coa finalidade de poñer en funcionamento cámaras nas instalacións da Policía e de Protección Civil.

O **Sr. Agís Balboa, concelleiro non adscrito**, indicou que aínda non sabía se se lle ía a considerar concelleiro non adscrito ou membro do Grupo Municipal Mixto, despois de gañar un xuízo ao concello.

O **Sr. Secretario** explicou que a sentenza aludida polo anterior interveniente non foi recorrida polo concello, polo que cando chegue a notificación oficial do xulgado indicando que era firme, comunicaráselle ao recorrente que a partir desa data e executando o referido fallo xudicial, terá a consideración de membro do Grupo Mixto.

O **Sr. Otero Domínguez, voceiro do Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego**, sinalou que descoñecía se se ían poñer cámaras para vixiar aos concelleiros que consultan expedientes ou aos traballadores, co que non estaba de acordo.

O **Sr. Presidente** aludiu a que por ningún concepto ían poñer cámaras para a vixilancia do persoal e, no que se refire a consulta de expedientes, manifestou que agora non existe espazo suficiente na primeira planta, polo que poñerán unha mesa nesta sala e non queda mais remedio que incorporar cámaras ou un funcionario para non incorrer en responsabilidade pola falta dalgún documento.

O **Sr. Otero Domínguez** dixo que non tiña por norma levar documentos a ningún lado e mais ben tería que controlar o anterior interveniente, onde está algún colaborador seu que non é concelleiro e que estaba nas listas municipais do seu partido.

A **Sra. Deza Martínez, voceira do Grupo Municipal do Partido Popular**, lembrou que no seu día e na sociedade Nauta, para ver un expediente, puxéronlle unha persoa á beira.

O **Sr. Otero Domínguez** explicou que non privou de información a ninguén, engadindo que a demócrata non lle gañan.

O **Sr. Gonzalo Pita, voceiro do Grupo Municipal de Sanxenxo Agrupación Liberal**, especificou que se poden consultar expedientes, pero o **Sr. Alcalde** ten a responsabilidade da súa custodia.

A **Sra. Fernández Agraso, concelleira do Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego**, ante o manifestado polo anterior interveniente, preguntou quen o vixiaba a el.

O **Sr. Presidente** reiterou que ten a obriga de velar polos expedientes, especificando que se ía a poñer unha mesa para velos e facer as comisións, polo que ou poñía un funcionario ou un sistema de control, engadindo que só sería no salón de sesións.

Ao non se producir mais intervencións, o **Sr. Presidente** someteu a proposta a votación, alcanzándose o seguinte resultado:

Votos a favor: 13 (Grupo Municipal do Partido Popular, Grupo Municipal de Sanxenxo Agrupación Liberal, Sr. Agís Balboa, concelleiro non adscrito e Sra. Rodríguez Búa, concelleira non adscrita).

Votos en contra: 3 (Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego).

Votos pola Abstención: 1 (Grupo Municipal Mixto).

En consecuencia, o Pleno da Corporación Municipal, pola maioría absoluta dos seus membros de dereito, adoptou o seguinte acordo:

“PRIMEIRO: Aprobar inicialmente a **“ORDENANZA MUNICIPAL DA CREACIÓN DUN FICHEIRO DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL DENOMINADO VIDEO VIXILANCIA”**, que se achega a esta proposta e que consta de **nove Artigos e un Anexo.**

SEGUNDO: **Expoñer durante o prazo de trinta días no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra o expediente**, para os efectos de recibir reclamacións ou suxestións, considerándose definitivamente aprobada a ordenanza no caso de que estas non se producisen.

TERCEIRO: A presente ordenanza entrará en vigor unha vez que se publique o texto íntegro da **“ORDENANZA MUNICIPAL DA CREACIÓN DUN FICHEIRO DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL DENOMINADO VIDEO VIXILANCIA”**, no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra e transcorra o prazo previsto no Artigo 65.2 da Lei 7/1985 do 2 de Abril, Reguladora das Bases de Réxime Local.

ORDENANZA REGULADORA DA CREACIÓN DOS FICHEIROS DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL DENOMINADOS “VIDEO VIXILANCIA”.

No exercicio das súas competencias, as administracións públicas elaboran ficheiros nos que se conteñen datos de carácter persoal; isto unido aos avances tecnolóxicos, especialmente os informáticos, fai que en ocasións se produza a posibilidade de intromisión no ámbito da privacidade e intimidade das persoas, así como a de limitación e a vulneración do dereito que a doutrina do Tribunal Constitucional denominou como “dereito á auto-disposición das informacións persoais” relevantes para cada persoa.

O artigo 18 da Constitución Española de 1978 garante o deito a honra, a intimidade persoal e familiar e a propia imaxe. No mesmo artigo, no seu apartado cuarto se dispón que a lei limitará o uso da informática para garantir a honra e a intimidade persoal e familiar dos cidadáns e o pleno exercicio dos seus dereitos.

Neste precepto se encadra dentro da sección I do capítulo II da Norma Fundamental, comprensiva dos dereitos fundamentais e as liberdades públicas e polo tanto o desenrolo normativo do seu contido se realizará a través de Lei orgánica, tal e como dispón o artigo 81 da Constitución.

A Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de Protección de datos de carácter persoal cuxo obxecto, é a encargada do desenvolvemento do contido deste dereito, sendo o obxecto, tal e como dispón seu artigo 1º o de garantir e protexer, no relativo ao tratamento de datos persoais, as liberdades públicas e dos dereitos fundamentais das persoas físicas, e especialmente da súa honra e intimidade persoal e familiar.

O desenvolvemento desta lei se dita no Real decreto 1720/2007, de 21 de decembro, polo que se aproba o Regulamento de desenvolvemento da Lei orgánica 15/1999, de 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal a creación, modificación ou supresión dos ficheiros de titularidade pública.

As entidades locais, como administracións públicas, son responsables da creación, modificación ou supresión dos ficheiros de datos de carácter persoal sobre as materias da súa competencia, así como o tratamento dos datos en eles contidos de conformidade co disposto na Lei 15/1999 e normativa que a desenvola.

O artigo 20 da citada Lei orgánica así como o artigo 52 do Real Decreto 1720/2007 que a desenvola, prescriben que a creación, modificación ou supresión de ficheiros das administracións públicas poderán facerse por disposición de carácter xeral ou acordo publicado no diario oficial correspondente nos termos previstos na Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das bases de réxime local.

Tendo en conta que o concello ten previsto o funcionamento de diversas cámaras de vídeo vixilancia en instalacións municipais como garantía da seguridade nas mesmas, faise necesaria a regulación da creación e funcionamento do ficheiro que procederá ao almacenaxe dos datos achegados por ditos instrumentos.

Por todo o anteriormente exposto se aproba a presente ordenanza co seguinte articulado:

Artigo 1. Obxecto. A presente ordenanza ten por obxecto a creación do ficheiro de carácter persoal do Concello de Sanxenxo denominado “**VIDEO VIXILANCIA**”.

Artigo 2. Procedemento. O procedemento para a creación destes ficheiros de carácter persoal levarase a cabo conforme ao establecido na Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das bases de réxime local, sobre a elaboración de ordenanzas municipais.

Artigo 3. Responsables dos ficheiros. Será responsable dos ficheiros o Concello de Sanxenxo, que adoptará as medidas necesarias para asegurar que os datos de carácter persoal se usen coas finalidades que concreta a presente ordenanza.

Artigo 4. Medidas de seguridade. Os ficheiros automatizados que pola presente ordenanza se crean cumpren as medidas de seguridade establecidas no Real decreto 1720/2007, de 21 de decembro, polo que se aproba o regulamento de desenvolvemento da Lei orgánica 15/1999, de 13 de decembro, de Protección de datos de carácter persoal.

Artigo 5. Tratamento dos datos persoais. O tratamento de datos persoais procedentes das imaxes obtidas mediante a utilización de cámaras e vídeo cámaras polas forzas e corpos de seguridade rexerase pola súa normativa específica.

Artigo 6. Conservación dos gravacións. As gravacións que se fagan coas vídeo cámaras correspondentes serán destruídas no prazo máximo de vinte días dende a súa captación, salvo que estean relacionadas con infraccións penais ou administrativas graves ou moi graves en materia de seguridade pública cunha investigación policial en curso ou con un procedemento xudicial ou administrativo en tramitación. Tamén se conservarán cautelarmente as gravacións cando se interpoñan os recursos en vía administrativa ou contencioso-administrativa por denegación do dereito ao acceso ou cancelación de gravacións.

Artigo 7. Obxecto e finalidade das gravacións. Vixilancia, control de acceso e seguridade en edificios públicos do Concello de Sanxenxo.

Artigo 8. Inscripción no Rexistro de ficheiros de datos persoais. Unha vez aprobada a presente ordenanza e polo tanto, creados os ficheiros pretendidos se dará conta ao Rexistro de ficheiros de datos persoais coa finalidade de que sexa inscrito no mesmo.

Artigo 9. Entrada en vigor. A presente ordenanza entrará en vigor ao día seguinte da publicación do texto integro da mesma no Boletín Oficial de Pontevedra, en virtude do establecido nos artigos 65.2 e 70.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das bases de réxime local.

ANEXO I.

FICHEIRO: VIDEO VIXILANCIA.

1.ORGANO, ENTE OU AUTORIDADE ADMINISTRATIVA RESPONSABLE DO FICHEIRO:

Concello de Sanxenxo.

2. ORGANO, SERVIZO OU UNIDADE ANTE O QUE DBERÁN EXERCITAR OS DEREITOS DE ACCESO, RECTIFICACIÓN, CANCELACIÓN E OPOSICIÓN:

Concello de Sanxenxo – rúa Consistorio, 4-6 – 36960 Sanxenxo (Pontevedra).

3. NOME E DESCRICIÓN DO FICHEIRO QUE SE CREA:

“VIDEO VIXILANCIA”: conxunto de imaxes dixitais dos usuarios, visitantes e traballadores dos edificios e instalacións de propiedade ou interese municipal.

4. Se trata dun **FICHEIRO DE CARÁCTER INFORMATIZADO** ao apoiarse na captación de imaxes e un vídeo gravador dixital que admite conexión tcp/ip.

5.MEDIDAS DE SEGURIDADE: nivel básico.

6. TIPOS DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL QUE INCLUIRÁN OS FICHEIROS:
imaxe/voz.

7. FINALIDADE DO FICHEIRO: seguridade doméstica. Salvagarda do patrimonio municipal. Seguridade pública.

8. COLECTIVOS SOBRE OS QUE SE PRETENDE OBTEN DATOS OU RESULTEN OBRIGADOS A SUBMINISTRALOS:

usuarios das instalacións, visitantes e traballadores municipais.

9. PROCEDENCIA DOS DATOS: o propio interesado.

10: PROCEDEMENTO DE RECOLLIDA: captación mediante cámaras.

11. ORGANOS E ENTIDADES DESTINATARIOS DE CESIÓNS : forzas e corpos de seguridade.

12. SEN TRANSMISIÓN INTERNACIONAL DE DATOS PREVISTA.”-----

B) ACTIVIDADE DO CONTROL DO PLENO:

6º) POSTA EN COÑECEMENTO DA CORPORACIÓN DO ESCRITO DA INTERVENCIÓN DE 28 DE XULLO DE 2017 (R. DE ENTRADA Nº 8.760) ACHEGANDO INFORME SOBRE O CUMPRIMENTO DOS PRAZOS DE PAGAMENTO CORRESPONDENTE AO 2º TRIMESTRE DE 2017. O Sr. Secretario indica que está a disposición dos membros da Corporación o escrito do Sr. Interventor, de data 28 de xullo de 2017, rexistro de entrada co número 8.760, que a continuación se transcribe literalmente:

“De acordo ao disposto no artigo 4.3 da Lei 15/2010 de 5 de xullo, publicada no B.O.E. o día 6 de xullo, achégolle a V.I. informe sobre o cumprimento dos prazos de pagamento, correspondente ao 2º trimestre de 2017, previstos nesta Lei, coa finalidade de que, por mandato legal e de acordo ao disposto no parágrafo 4, se o estima conveniente e no mesmo xeito que os efectuados nos períodos de dación anteriores, se remita ao Pleno da Corporación.

Os informes que se achegan son os relativos a cada un dos entes separados que integran o Concello de Sanxenxo. En especial remítome ao resumo dos períodos medios de pago e, en definitiva, aos pagos realizados no trimestre que constan no expediente.

Lémbrese a obriga de avanzar cara o cumprimento dos termos legais do novo marco normativo contido no artigo 216 do R.D. legislativo 3/2011 de 14 de novembro sobre prazo de pago (30 días) e devengo de xuros de demora.

A comparativa dos períodos medios de pagos (PMP) e dos períodos medios de pendente de pago (PMPP) entre o 1º trimestre de 2017 e o 2º trimestre de 2017 é a seguinte

1º trim 17	Concello	Terra	Nauta	Ínsula	Turismo
PMP	24,33	25,75	13,26	5,20	0,00
PMPP	11,60	78,02	3,41	0,00	172,00

2º trim 17	Concello	Terra	Nauta	Ínsula	Turismo
PMP	19,15	40,87	11,86	13,75	0,00
PMPP	8,73	50,94	3,21	1,00	151,50

Asemade débese de dar cumprimento ao disposto na Lei 3/2004, modificada polo Real decreto lei 3/2013, en relación ao disposto no artigo 216 do R.D.L. 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do sector público, normas que, literalmente, din:

“La Ley 3/2004, de 29 de diciembre, fue a su vez modificada por el artículo 33.4 del Real Decreto Ley nº 4/2013, de 22 de febrero, de medidas de apoyo al emprendedor y de estímulo del crecimiento y de la creación de empleo; que literalmente establece:

Artículo 8. Indemnización por costes de cobro: “1. Cuando el deudor incurra en mora, el acreedor tendrá derecho a cobrar del deudor una cantidad fija de 40 euros, que se añadirá en todo caso y sin necesidad de petición expresa a la deuda principal.

Además, el acreedor tendrá derecho a reclamar al deudor una indemnización por todos los costes de cobro debidamente acreditados que haya sufrido a causa de la mora de éste y que superen la cantidad indicada en el párrafo anterior.

2.El deudor no estará obligado a pagar la indemnización establecida en el apartado anterior cuando no sea responsable del retraso en el pago”.

“Artículo 216. Pago del precio: “1. El contratista tendrá derecho al abono de la prestación realizada en los términos establecidos en esta Ley y en el contrato, con arreglo al precio convenido.

2. El pago del precio podrá hacerse de manera total o parcial, mediante abonos a cuenta o, en el caso de contratos de tracto sucesivo, mediante pago en cada uno de los vencimientos que se hubiesen estipulado.

3. El contratista tendrá también derecho a percibir abonos a cuenta por el importe de las operaciones preparatorias de la ejecución del contrato y que estén comprendidas en el objeto del mismo, en las condiciones señaladas en los respectivos pliegos, debiéndose asegurar los referidos pagos mediante la prestación de garantía.

4. La Administración tendrá la obligación de abonar el precio dentro de los treinta días siguientes a la fecha de aprobación de las certificaciones de obra o de los documentos que acrediten la conformidad con lo dispuesto en el contrato de los bienes entregados o servicios prestados, sin perjuicio de lo establecido en el artículo 222.4, y si se demorase, deberá abonar al contratista, a partir del cumplimiento de dicho plazo de treinta días los intereses de demora y la indemnización por los costes de cobro en los términos previstos en la Ley 3/2004, de 29 de diciembre, por la que se establecen medidas de lucha contra la morosidad en las operaciones comerciales. Para que haya lugar al inicio del cómputo de plazo para el devengo de intereses, el contratista deberá de haber cumplido la obligación de presentar la factura ante el registro administrativo correspondiente, en tiempo y forma, en el plazo de treinta días desde la fecha de entrega efectiva de las mercancías o la prestación del servicio.

Sin perjuicio de lo establecido en los artículos 222.4 y 235.1, la Administración deberá aprobar las certificaciones de obra o los documentos que acrediten la conformidad con lo dispuesto en el contrato de los bienes entregados o servicios prestados dentro de los treinta días siguientes a la entrega efectiva de los bienes o prestación del servicio, salvo acuerdo expreso en contrario establecido en el contrato y en alguno de los documentos que rijan la licitación.

En todo caso, si el contratista incumpliera el plazo de treinta días para presentar la factura ante el registro administrativo, el devengo de intereses no se iniciará hasta transcurridos treinta días desde la fecha de presentación de la factura en el registro correspondiente, sin que la Administración haya aprobado la conformidad, si procede, y efectuado el correspondiente abono.

5. Si la demora en el pago fuese superior a cuatro meses, el contratista podrá proceder, en su caso, a la suspensión del cumplimiento del contrato, debiendo comunicar a la Administración, con un mes de antelación, tal circunstancia, a efectos del reconocimiento de los derechos que puedan derivarse de dicha suspensión, en los términos establecidos en esta Ley.

6. Si la demora de la Administración fuese superior a ocho meses, el contratista tendrá derecho, asimismo, a resolver el contrato y al resarcimiento de los perjuicios que como consecuencia de ello se le originen.

7. Sin perjuicio de lo establecido en las normas tributarias y de la Seguridad Social, los abonos a cuenta que procedan por la ejecución del contrato, solo podrán ser embargados en los siguientes supuestos:

a) Para el pago de los salarios devengados por el personal del contratista en la ejecución del contrato y de las cuotas sociales derivadas de los mismos.

b) Para el pago de las obligaciones contraídas por el contratista con los subcontratistas y suministradores referido a la ejecución del contrato.

8. Las Comunidades Autónomas podrán reducir los plazos de treinta días, cuatro meses y ocho meses establecidos en los apartados 4, 5 y 6 de este artículo”.

Tense comprobado que se ten instaurado o cumprimento efectivo destes preceptos, o que foi sinalado e advertido por esta Intervención dende a entrada en vigor das normas xurídicas de referencia. Sanxenxo, 28 de xullo de 2017.”

Adxunto a este escrito figuran 15 folios, co selo do concello e numerados do 1 ao 15, , tendo os números 1,2,3,4,5,6,7,8,9 e 10 volta, transcribíndose a continuación os correspondentes aos folios do 11 ao 15, ambos incluídos e que conteñen o INFORME TRIMESTRAL da Lei 15/2010, do Concello de Sanxenxo, O.A.Terra de Sanxenxo, Nauta Sanxenxo S.L., Insula Sanxenxo S.L. e Turismo de Sanxenxo S.L. :

CONCELLO DE SANXENXO:

INFORME TRIMESTRAL LEY 15/2010			TRIMESTR E	2	AÑO	2017
CONCELLO			Pagos realizados en el trimestre			
			Dentro período legal pago		Fuera período legal pago	
	Período medio pago PMP	Período medio pago excedido PMPE	Nº pagos	Importe total	Nº pagos	Importe total
Art. 20	14,00		20,00	5.808,06		
Art. 21	16,96		74,00	38.581,25	4,00	2.029,10
Art. 22	19,91		592,00	695.256,96	189,00	101.775,63
Art. 23						
Art. 24						
Art. 26						
Art. 27						
2 sin desagregar						
Cap. 6	17,46		15,00	227.579,48	12,00	58.573,55
				967.225,75		162.378,28
	Nº pagos	Importe	Intereses demora pagados en el período			
Gastos corrientes						
Inversiones						
Op. Comerciales						
Sin desagregar						
		0,00				0,00
CONCELLO			Pendiente de pago			

	Período medio pendiente pago PMPP	Período medio pendiente pago excedido PMPPE	Dentro período legal pago		Fuera período legal pago	
			Nº operaciones	Importe total	Nº operaciones	Importe total
Art. 20						
Art. 21	8,30		7,00	10.372,47		
Art. 22	13,30		17,00	28.407,53		
Art. 23						
Art. 24						
Art. 26						
Art. 27						
2 sin desagregar						
Cap. 6	2,33		3,00	19.549,59		
				58.329,59		0,00
CONCELLO			Pendiente de reconocimiento			
	Período medio operaciones pendiente reconocimiento PMOPR		Nº operaciones	Importe total		
Cap. 2						
Cap. 6						
				0,00		

ORGANISMO AUTÓNOMO “TERRA DE SANXENXO”:

INFORME TRIMESTRAL LEY 15/2010		TRIMESTRE	2	AÑO	2017	
TERRA		Pagos realizados en el trimestre				
		Dentro período legal pago		Fuera período legal pago		
	Período medio pago PMP	Período medio pago excedido PMPE	Nº pagos	Importe total	Nº pagos	Importe total
Art. 20	13,33		3,00	1.452,00		
Art. 21	25,19		31,00	34.697,54	5,00	2.189,87
Art. 22	32,88		119,00	202.430,64	125,00	90.608,80
Art. 23						
Art. 24						
Art. 26						
Art. 27						
2 sin desagregar						
Cap. 6	108,64		15,00	3.518,59	5,00	40.159,44

				242.098,77		132.958,11
	Nº pagos	Importe	Intereses demora pagados en el período			
Gastos corrientes						
Inversiones						
Op. Comerciales						
Sin desagregar						
		0,00				0,00
TERRA						
Pendiente de pago						
Dentro período legal pago						
Fuera período legal pago						
	Período medio pendiente pago PMPP	Período medio pendiente pago excedido PMPPE	Nº operaciones	Importe total	Nº operaciones	Importe total
Art. 20						
Art. 21	25,10		3,00	652,89		
Art. 22	51,53		21,00	50.520,60	15,00	18.547,19
Art. 23						
Art. 24						
Art. 26						
Art. 27						
2 sin desagregar						
Cap. 6	25,31		4,00	913,42		
				52.086,91		18.547,19
TERRA						
Pendiente de reconocimiento						
	Período medio operaciones pendiente reconocimiento PMOPR		Nº operaciones	Importe total		
Cap. 2						
Cap. 6						
				0,00		

“NAUTA SANXENXO, S.L.”:

INFORME TRIMESTRAL LEY 15/2010			TRIMESTRE	2	AÑO	2017
NAUTA			Pagos realizados en el trimestre			
			Dentro período legal pago		Fuera período legal pago	

	Período medio pago PMP	Período medio pago excedido PMPE	Nº pagos	Importe total	Nº pagos	Importe total
Aprovisionamientos (6)	11,71		116,00	159.785,60	3,00	887,88
Inmovilizado (2)	21,84		2,00	2.359,50		
Sin desagregar						
Total				162.145,10		887,88
	Nº pagos	Importe	Intereses demora pagados en el período			
Gastos corrientes						
Inversiones						
Op. Comerciales						
Sin desagregar						
		0,00				0,00
NAUTA			Pendiente de pago			
			Dentro período legal pago		Fuera período legal pago	
	Período medio pendiente pago PMPP	Período medio pendiente pago excedido PMPPE	Nº operaciones	Importe total	Nº operaciones	Importe total
Aprovisionamientos (6)	3,21		21,00	11.430,02		
Inmovilizado (2)						
Sin desagregar						
Total				11.430,02		0,00

“INSULA SANXENXO, EMPRESA MUNICIPAL DA VIVENDA E SOLO, S.L.”:

INFORME TRIMESTRAL LEY 15/2010	TRIMESTRE	2	AÑO	2017		
INSULA	Pagos realizados en el trimestre					
	Dentro período legal pago		Fuera período legal pago			
	Período medio pago PMP	Período medio pago excedido PMPE	Nº pagos	Importe total	Nº pagos	Importe total
Aprovisionamientos (6)	13,75		4,00	302,62		
Inmovilizado (2)						
Sin desagregar						
Total				302,62		0,00
	Nº pagos	Importe	Intereses demora pagados en el período			
Gastos corrientes						
Inversiones						

Op. Comerciales						
Sin desagregar						
		0,00				0,00
INSULA			Pendiente de pago			
			Dentro período legal pago		Fuera período legal pago	
	Período medio pendiente pago PMPP	Período medio pendiente pago excedido PMPPE	Nº operaciones	Importe total	Nº operaciones	Importe total
Aprovisionamientos (6)	1,00		1,00	81,95		
Inmovilizado (2)						
Sin desagregar						
Total				81,95		0,00

“TURISMO DE SANXENXO, S.L.”

INFORME TRIMESTRAL LEY 15/2010		TRIMESTRE	2	AÑO	2017
TURISMO			Pagos realizados en el trimestre		
			Dentro período legal pago		Fuera período legal pago
	Período medio pago PMP	Período medio pago excedido PMPE	Nº pagos	Importe total	Nº pagos Importe total
Aprovisionamientos (6)	0,00		3,00	621,94	
Inmovilizado (2)					
Sin desagregar					
Total				621,94	0,00
	Nº pagos	Importe	Intereses demora pagados en el período		
Gastos corrientes	0	0,00			
Inversiones					
Op. Comerciales					
Sin desagregar					
		0,00			0,00
TURISMO			Pendiente de pago		
			Dentro período legal pago		Fuera período legal pago
	Período medio pendiente pago PMPP	Período medio pendiente pago excedido PMPPE	Nº operaciones	Importe total	Nº operaciones Importe total

Aprovisionamientos (6)	151,50		1,00	424,46	1,00	424,46
Inmovilizado (2)						
Sin desagregar						
Total				424,46		424,46

A Corporación deuse por enterada.-----

7º) POSTA EN COÑECEMENTO DA CORPORACIÓN DO ESCRITO DA INTERVENCIÓN DE 28 DE XULLO DE 2017 (R. DE ENTRADA Nº 8.761) MEDIANTE O QUE SE INDICA QUE CON ESA DATA COMUNICOUSE AO MINISTERIO DE FACENDA E ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS O CÁLCULO DO PERÍODO MEDIO DE PAGO A PROVEDORES. O Sr. Secretario indica que está a disposición dos membros da Corporación o escrito do Sr. Interventor de 28 de xullo de 2017, rexistrado de entrada co número 8.761, que a continuación se transcribe literalmente:

“De conformidade co artigo 4.1.b) da Orde HAP/2105/2012, de 1 de outubro, pola que se desenvolven as obrigas de subministro de información, previstas na Lei orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade orzamentaria e sostibilidade financeira, e de conformidade co establecido na disposición transitoria única do Real decreto 635/2014, de 25 de xullo, polo que se desenvolve a metodoloxía de cálculo do período medio de pago a provedores das administracións públicas, con data 28.07.17, procedeuse a comunicar ao Ministerio de facenda e administracións públicas dito cálculo, cuxo xustificante se achega.

Lémbrese a obriga de publicar na páxina web do Concello o período medio de pago a provedores, segundo o artigo 6 do Real decreto 635/2014 (como mínimo trimestralmente).

Recórdase que no caso de incumprimento no sucesivo do período medio de pago iniciarase o procedemento establecido en dita norma xurídica, para que sexa o Estado quen asuma as funcións da tesourería local, procedendo á retención na participación de tributos do Estado.

O incumprimento das obrigas referidas no Real decreto 635/2014 (cálculo, subministro de información ao ministerio e publicación) poderá implicar unha infracción moi grave en materia económico-financiera, regulamentada no artigo 28 da Lei 19/2013 de Bo goberno e transparencia, lembrando que a imposición da sanción, segundo o disposto no artigo 30 da mesma lei, poderá implicar, no seu caso, a inhabilitación para o exercicio de cargos ou funcións públicas, sen prexuízo das responsabilidades penais eventuais. Sanxenxo, 28 de xullo de 2017.”

Adxunto a este escrito figuran 2 folios, co selo do concello e numerados do 1 ao 2, tendo o número 1 volta.

A Corporación deuse por enterada.-----

8º) POSTA EN COÑECEMENTO DA CORPORACIÓN DO ESCRITO DA INTERVENCIÓN DE 28 DE XULLO (R. DE ENTRADA Nº 8.762) ACHEGANDO INFORME SOBRE A EXECUCIÓN TRIMESTRAL DOS ORZAMENTOS SEPARADOS RELATIVOS AO 2º TRIMESTRE DE 2017. O Sr. Secretario indica que está a disposición dos membros da Corporación o escrito do Sr. Interventor, de 28 de xullo de 2017, rexistrado de entrada co número 8.762, que a continuación se transcribe literalmente:

“Achégase informe sobre execución trimestral dos orzamentos separados relativos ao segundo trimestre de 2017, coa finalidade de cumprimentar o dereito e deber de subministro de información ao que se refire a Orde ministerial HAP/2105/2012 de 1 de outubro e a Orde ministerial EHA/4041/2004 de 23 de novembro. Sanxenxo, 28 de xullo de 2017.”

Adxunto a este escrito figuran 66 folios, co selo do concello e numerados do 1 ao 66, tendo os números 1, 2, 3, 4, 5, 6, 7, 8, 9, 10, 11, 12, 13, 14, 15, 16, 17,20, 21, 23, 25, 26, 28, 30, 31, 39, 40, 41, 46, 47, 49, 51, 52, 54, 57 e 63 volta.

A Corporación deuse por enterada.-----
∞

9º) POSTA EN COÑECEMENTO DA CORPORACIÓN DO ESCRITO DA INTERVENCIÓN DE 01 DE AGOSTO DE 2017 (R. DE ENTRADA Nº 8.877) MEDIANTE O QUE SE COMUNICA QUE O 31/07/17 SE REMITIU AO MINISTERIO DE FACENDA O INFORME CORRESPONDENTE AO 2º TRIMESTRE DE 2017 DE SEGUIMENTO DO PLAN DE AXUSTE. O Sr. **Secretario** indica que está a disposición dos membros da Corporación o escrito do Sr. **Interventor**, de 01 de agosto de 2017, rexistrado de entrada co número 8.877, que a continuación se transcribe literalmente:

“Téndose emitido informe previo, preceptivo e de obriga legal por esta intervención sobre seguimento do plan de axuste efectuado por este Concello, para acollese ao mecanismo de pago a provedores por importe de 5.059.306,98 euros, e tendo en conta o disposto no artigo 10 do R.D.L. 7/2012 de 9 de marzo, resulta que:

1.A orden HAP/2105/2010 de 2 de outubro, no seu artigo 2, outorga ao órgano interventor a facultade exclusiva de emitir informes e remitilos aos organismos correspondentes do Estado, dos referidos na normativa de estabilidade orzamentaria e sostibilidade financeira.

2.Esta mesma orde, no seu artigo 10, establece a obrigar de remitir, antes do día 15 de cada trimestre, información sobre o seguimento e nivel de cumprimento do plan de axuste

3.O xa mencionado artigo 10 do R.D.L. 7/2012 establece que, dos informes do interventor, darase conta ao Pleno da Corporación.

En consecuencia:

Téndose efectuado a obriga mencionada e tendo sido remitido o informe correspondente ao segundo trimestre de 2017, polo sistema informático ou telemático establecido no Ministerio o día 31.07.17, elévese o mesmo ao Pleno da Corporación aos efectos legais previstos na normativa anteriormente citada. Sanxenxo, 01 de agosto de 2017”.

Adxunto a este escrito figuran 95 folios, co selo do concello e numerados do 1 ao 95, tendo todas as follas volta excepto os números 3, 4 e 9.

A Corporación deuse por enterada.-----

10º) POSTA EN COÑECEMENTO DA CORPORACIÓN DAS ACTUACIÓNS SOLICITADAS Á DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA INCLUÍDAS NO PLAN DE OBRAS E SERVIZOS (PLAN DE CONCELLOS 2017). O Sr. **Secretario** indica que está a disposición dos membros da Corporación o escrito do Sr. **Alcalde**, de 20 de setembro de 2017 que a continuación se transcribe literalmente:

“ACTUACIÓNS SOLICITADAS Á DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA INCLUÍDAS NO PLAN DE OBRAS E SERVIZOS (PLAN DE CONCELLOS) 2017.

Nas bases reguladoras do plan de referencia (base décima, parágrafo cuarto) publicadas no BOP nº 249 de 30/12/16, dispónse que dos decretos da alcaldía, ou acordos das xuntas de goberno local, de aprobación das solicitudes coas peticións débese dar conta ao pleno da corporación municipal.

Polo exposto dase conta neste pleno das seguintes resolucións da alcaldía:

-Resolución de 23/01/17. Contratación de 43 traballadores para o Plan de Emprego Municipal 2017. Importe da subvención: 250.751,28 €. Fondos propios: 13.678,70 €.

-Resolución de 16/03/17. Proxecto de pavimentación do vial de acceso á praia Pragueira, cun importe da subvención de 55.214,55 € e Proxecto de pavimentación do vial de acceso á praia de Bascuas, cun importe de 53.185,34 €.

-Resolución de 31/03/17. Proxecto de pavimentación e reparación de viais no termo municipal, cun importe da subvención de 110.473,42 €; Proxecto de instalación de colector saneamento da augas residuais en Mourelas (Noalla), cun importe de 33.620,71 €; Proxecto de pavimentación do núcleo de Bordóns cun importe de 102.106,46 € e Proxecto de pista polideportiva cuberta no CEIP Nantes cun importe de 253.131,76 €.

-Resolución de 31/03/17. Proxecto de acondicionamento local para comedor no CEIP Magaláns (Dorrón), cun importe da subvención de 27.596,89 €.

-Resolución de 31/03/17. Subministro de tractor con desbrozadora de brazo lateral e cabina forestal cun importe da subvención de 108.900,00 €; Subministro de materiais para facilitar accesibilidade nas praias: sillas e muletas anfibas e andadores, cun importe de 5.643,00 €; Subministro de maquinaria mantemento servizo parques e xardíns , cun importe de 13.388,30 € e Subministro de flexipasarelas para melloraraaccesibilidade praias de Baltar e Silgar, cun importe de 16.536,34 €.

-Resolución de 31/03/17. Subministro e instalación módulo de aseos prefabricado para a praia da Panadeira, cun importe da subvención de 17.621,74 €.

-Resolución de 03/05/17. Subministro tres lavapés para as praias do municipio. Importe da subvención: 2.849,37 €. Fondos propios: 0,54 €.

-Resolución de 28/03/17. II Triatlón Concello de Sanxenxo. Importe da subvención: 3.000,00 €

-Resolución de 28/03/17. XVIII Milla Urbana Vila de Sanxenxo. Importe da subvención: 3.000,00 €

-Resolución de 28/03/17. I Trail Con da Ventureira. Importe da subvención: 3.000,00 €.

-Resolución do 19/05/17. Festas Patronais San Xenxo e Santa Rosalía. Importe da subvención: 36.491,95 €. Fondos Propios: 5.000 €.

-Resolución de 31/03/17. Entroido 2017. Importe da subvención: 10.000,00 €. Fondos propios:11.225,40 €.

-Resolución de 28/03/17. Verán en Sanxenxo 2017. Importe da subvención 13.000,00 €. Fondos propios: 10.000,00 €.”

A Corporación deuse por enterada.-----

11º) POSTA EN COÑECEMENTO DA CORPORACIÓN DAS RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA DITADAS DENDE O 30 DE XUÑO AO 25 DE AGOSTO DE 2017 (DE RES. Nº 1267/17 A RES Nº 1731/17). O Sr. Presidente expón que no expediente estiveron á disposición dos/as concelleiros/as as Resolúcións da Alcaldía ditadas dende o 30 de xuño ao 25 de agosto de 2017, dando cumprimento ao disposto no artigo 42 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais. Pregunta se se quere algunha aclaración. Non se formula ningunha.

A Corporación deuse por enterada.-----

MOCIÓNS:

1º) MOCIÓN DO CONCELLEIRO NON ADSCRITO, SR. AGÍS BALBOA, PARA UNHA REGULACIÓN ESPECÍFICA DE AUTOCARAVANAS, CARAVANAS TURÍSTICAS E/OU SIMILARES NO CONCELLO DE SANXENXO. O Sr. Agís Balboa, concelleiro non adscrito, deu lectura á moción que a continuación se transcribe literalmente:

“D. Roberto Carlos Agís Balboa, con DNI.44.075.425L, Concelleiro do Concello de Sanxenxo en nome e representación propia, e ao amparo do establecido no Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais (Real Decreto 2568/1986), por razóns de urxencia, eleva ao Pleno da Corporación do 25 de Setembro de 2017, para o seu debate a seguinte

MOCIÓN PARA A REGULACIÓN ESPECÍFICA DE AUTOCARAVANAS, CARAVANAS TURÍSTICAS E/OU SIMILARES NO CONCELLO DE SANXENXO

Como sabemos en Baltar temos unha zoa acondicionada para caravanas que está pegada ó Campo de Fútbol de Baltar e Piscina Municipal, pegada o río Baltar e a casas de particulares,... Hai queixas de veciños metidas por rexistro do concello (todo documentado con fotografías) onde se explica moi ben dita situación.

Temos varios problemas asociados a zona que usan as caravanas en Baltar:

- Usan espazos de estacionamento destinados a coches e non queda sitio nin para un autobús moitas veces, os cales non teñen zonas reservadas nin para parar nin aparcas nesta zona. Ten habido máis de 50 caravanas....
- Vacían vertidos (augas sucias e fecales) no río directamente e en plena rúa (como presenciei eu mesmo), ademais de votalo nunha alcantarilla preto da piscina (que vai o río). Aparte da imaxe para os veciños, turistas, o mal cheiro,...recordade a calidade das augas das praias como a de Baltar, as bandeiras azuis....etc.
- Fan as súas necesidades directamente no río o cal é unha actitude irrespetuosa co medio ambiente e cos veciños que o presencian moitas veces.
- Restos de comidas, botellas,....basura en xeral aparece no río nesa zona por onde pasa o paseo que bordea o río.
- Non deberían estar máis de 24 horas pero moitos están varios días, semanas e incluso ata o mes enteiro. Tanto que poñen calzas, sacan de antena parabólica, poñen mesas e sillas e como se diría a vivir que son dous días de gratis, manchando e ocupando espazo público. Basicamente acampada libre pero ilegalmente.
- Estas actitudes e ilegalidades deberían ser controladas e sancionadas pero creo non é así como ben sabemos.
- O concello e varios gobernos do concello saben e souberon deste problema pero parece que non se fixo nada, ou orellas sordas....

E por elo que procedo a presentar a seguinte PROPOSTA DE ACORDO PLENARIO:

- Instar ó Goberno Municipal do Concello de Sanxenxo a que se acondicione e regule un estacionamento específico para autocaravanas, caravanas turísticas e/ou similares no concello de Sanxenxo. Sanxenxo, a 25 Setembro de 2017.”

O **Sr. Agís Balboa** xustificou a urxencia porque na tempada alta as caravanas estacionadas ensucian a zona, que está pegada ao río e a rúa.

A continuación, ao non producirse intervencións sobre a declaración da urxencia da moción, o **Sr. Presidente** someteu a votación a declaración da urxencia da moción, que foi aprobada por unanimidade.

O Sr. Gonzalo Pita, voceiro do Grupo Municipal de Sanxenxo Agrupación Liberal, indicou que a moción tiña razón, porque era unha zona na que as caravanas fan o que queren e debe ser regulada.

O Sr. Otero Domínguez, voceiro do Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego, apuntou a que tería que verse a posibilidade de buscar outro lugar e corrixir algo que vén sucedendo desde hai moito tempo.

O Sr. Agís Balboa especificou que xa na moción, sinálase que se debe acondicionar e regular un estacionamento específico.

O Sr. Presidente aludiu a que o relator tiña razón e mais nun concello turístico como este, debéndose buscar un espazo adecuado.

Ao non producirse mais intervencións, o Sr. Presidente someteu a moción a votación na que, por unanimidade, resultou aprobada nos termos anteriormente transcritos. -----

2º) MOCIÓN DO CONCELLEIRO NON ADSCRITO, SR. AGÍS BALBOA, PARA A REGULACIÓN DO SENTIDO ÚNICO DA RÚA DO RÍO EN PORTONOVO O Sr. Agís Balboa, concelleiro non adscrito, deu lectura a moción que a continuación se transcribe literalmente:

“D. Roberto Carlos Agís Balboa, con DNI.44.075.425L, Concelleiro do Concello de Sanxenxo en nome e representación propia, e ao amparo do establecido no Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais (Real Decreto 2568/1986), por razóns de urxencia, eleva ao Pleno da Corporación do 25 de Setembro de 2017, para o seu debate a seguinte

MOCIÓN PARA A REGULACIÓN DE SENTIDO ÚNICO DA RÚA DO RÍO

A Rúa do Río en Portonovo vai dende a Carretera da Lanzada ata a intersección coa Rúa Río Valiejos. A Rúa do Río é moi estreita polo menos no tramo que vai dende a Carretera da Lanzada ata o cruceiro que está xusto na intersección desta rúa coa Rúa Barbeito. Non ten beirarúas e é moi estreita para o paso de dous coches. Como todos sabemos aparte dos problemas para o tráfico isto supón un grave perigo para nenos, adultos e maiores que camiñan a diario por aquí. Xa non falemos do verán cando centos senón miles de persoas pasan por aquí a diario. Recordar que preto temos o parque do Espiñeiro, colexios de Portonovo e Abrente, zoa dos bancos, mercado, varios negocios,... e dicir, esta rúa é moi concurrida tanto por peatóns como por vehículos a motor.

E por elo que procedo a presentar a seguinte PROPOSTA DE ACORDO PLENARIO:

- Instar ó Goberno Municipal do Concello de Sanxenxo que se regule esta rúa con sentido único (polo menos dende o tramo que vai dende a intersección coa Carretera da Lanzada da ata o cruceiro situado na intersección coa Rúa Barbeito) despois dos previos informes dos técnicos municipais e da policía local. Sanxenxo, a 25 Setembre de 2017.”

O Sr. Agís Balboa xustificou a urxencia para darlle présa á tramitación

A continuación, ao non producirse intervencións sobre a declaración da urxencia da moción, o Sr. Presidente someteu a votación a declaración da urxencia da moción, que foi aprobada por unanimidade.

A Sra. Rodríguez Búa, concelleira non adscrita, sinalou que desde abril había un informe policial ao respecto e consultouse cos veciños, non resolvéndose o asunto porque existían dúbidas sobre se a titularidade era municipal ou da Deputación.

O **Sr. Presidente**, despois de sinalar que ía votar a favor da moción, manifestou que a competencia para a sinalización era do concello, pero a titularidade do tramo era da Deputación, á que se tería que pedir permiso para instalar a sinalización, engadindo que neste trámite podía intervir a concelleira **Sra. González-Haba Pérez**, ao que esta accedeu.

Ao non producirse mais intervencións, o **Sr. Presidente** someteu a moción a votación na que, por **unanimidade, resultou aprobada nos termos anteriormente transcritos.** -----

ROGOS:

A **Sra. Rodríguez Búa, concelleira non adscrita**, deu lectura ao rogo que a continuación se transcribe literalmente:

“Según nuestro ordenamiento jurídico los principios aplicables a la contratación pública deben ser: libertad de acceso a las licitaciones, publicidad y transparencia de los procedimientos, no discriminación e igualdad de trato entre los candidatos.

Así mismo, se busca la aplicación del principio de eficiencia en el gasto público, de manera que se exige la definición previa de la necesidad a cubrir, la competencia entre los licitadores, y la selección de la oferta económicamente más ventajosa.

La adjudicación de los contratos se realiza ordinariamente utilizando el procedimiento abierto o el procedimiento restringido. En los casos que prevé el Texto Refundido puede seguirse el procedimiento negociado, con o sin publicidad, el diálogo competitivo y el concurso de proyectos.

Especial mención merecen los contratos menores, que se clasifican así por su cuantía más reducida y cuyo expediente solo requiere la aprobación del gasto y la incorporación de la factura correspondiente. No podrán tener una duración superior a un año, ni exceder determinadas cuantías. En cuanto a su procedimiento, serán adjudicados directamente a cualquier empresario que reúna capacidad de obrar y la habilitación profesional requerida. Las cuantías que no pueden superar son:

- 50.000 euros, en el caso de contratos de obras
- 18.000 euros, en el resto de contratos

De la normativa se observa que, a pesar de que los principios citados deben regir todas las contrataciones públicas, la ausencia de trámite legal que se prevé para el caso de los contratos menores dificulta la garantía para los ciudadanos de que los referidos principios de libertad de acceso, publicidad, transparencia y no discriminación e igualdad de trato entre candidatos estén siendo observados.

Por ello, y teniendo en cuenta el lógico desafecto de los vecinos hacia los políticos ante el panorama político-delictivo existente en nuestro país, todos debemos hacer especiales esfuerzos para demostrar que las actuaciones que se llevan a cabo en nombre de nuestros vecinos se ajustan perfectamente a la legalidad.

Creemos más que oportuno por lo tanto, que desde el Pleno de este Concello se apruebe un procedimiento sencillo, de mínimos, para la contratación de contratos menores, que vaya más allá de la normativa general aplicable a la contratación pública y garantizando así a nuestros vecinos la plena seguridad de la observancia de los principios que exige la ley deben ser respetados en cualquier tipo de contratación pública.

Con esta medida no se pretende exigir para los contratos menores la rigurosidad del procedimiento previsto por la ley para los contratos mayores, sino simplemente prever un trámite sencillo que garantice los principios de libertad de acceso, publicidad, transparencia y no discriminación e igualdad de trato entre candidatos.

Por todo ello, RUEGO al alcalde que acuerde que toda contratación calificada como “contratación menor” por la normativa general aplicable y que sea superior a 10.000,00 € en el caso de contratos de obras y superior a 3.000,00 € para el resto de contratos, deberá ir precedida de un anuncio previo en la página web del Concello (que especifique el objeto del contrato) que otorgue un plazo de 5 días hábiles para que cualquier persona jurídica o física pueda realizar su oferta, si así lo desea.”

A **Sra. Rodríguez Búa, concelleira non adscrita**, respecto do centro de día, que agora se está a licitar, indicou que sería conveniente que os autobuses se poñan en condicións, porque están en mal estado. A **Sra. Freire Fernández, concelleira do Grupo Municipal do Partido Popular**, precisou que un dos autobuses era municipal e o outro da empresa e que na licitación introducíronse unhas condicións mínimas. A **Sra. Rodríguez Búa** preguntou se se restrinxía a antigüidade dos vehículos, contestando en sentido afirmativo a **Sra. Freire Fernández**.

A **Sra. Rodríguez Búa, concelleira non adscrita**, solicitou que na rotonda de Corea-Portonovo, se fixésese coincidir os pasos peonís coas ramplas e as baixadas.

O **Sr. Agís Balboa, concelleiro non adscrito**, indicou que nas inmediacións de Baltar-Corea, tiñan que poñer luz na estrada e pintar as rúas para virar.

O **Sr. Agís Balboa, concelleiro non adscrito**, sinalou que nos arredores do cámping de Baltar existen unhas zonas medio abandonadas, pedindo que se revise este tema para saber que pasa.

O **Sr. Agís Balboa, concelleiro non adscrito**, lembrou que seguían sen instalarse cámaras e sen gravarse os plenos e engadiu que lle gustaría ter un sitio adecuado para mirar os expedientes.

O **Sr. Agís Balboa, concelleiro non adscrito**, enunciou asuntos que aínda tiñan que rematarse, como a praia canina, a apertura da ruta dos muíños, a rexeneración da praia da Carabuxeira ou a demolición da Casa Cuartel de Noalla, non entendendo que custase tanto facer unha notificación.

PREGUNTAS:

A **Sra. Rodríguez Búa, concelleira non adscrita**, preguntou se se ía poñer un sentido único na rúa que rodea o Colexio Abrente, para o que xa existe un informe policial e se na Rúa Espiñeiro, do lado do colexio, tiñan pensado estreitar o carril para ampliar a beirarrúa e permitir o paso de peóns. O **Sr. Alcalde** contestou que se ían realizar estas actuacións.

A **Sra. Rodríguez Búa, concelleira non adscrita**, preguntou sobre a ordenanza de terrazas, contestando o **Sr. Alcalde** que estaban esperando as achegas da oposición, sinalando entón a inquirinte que o anterior goberno xa encargou un informe respecto diso, ante o que o **Sr. Alcalde** dixo que ese informe, tal e como está, non o vai a aplicar.

A **Sra. Rodríguez Búa, concelleira non adscrita**, preguntou se se ía atender o seu rogo sobre a contratación, contestando o **Sr. Alcalde** en sentido afirmativo.

O **Sr. Agís Balboa, concelleiro non adscrito**, lembrou que no seu día se derogou o Regulamento Orgánico porque era necesario, pero agora hai que darlle para adiante e aprobar outro novo. O **Sr. Alcalde** mostrouse de acordo en que había que retomalo e facelo, para o que tiñan que reunirse os distintos grupos municipais.

O **Sr. Agís Balboa, concelleiro non adscrito**, preguntou que se ía facer coa estrada de Outeiro, sen que lle valla a resposta de que é da Deputación, xa que é un tramo perigoso. O **Sr. Alcalde** contestou que esta era unha pregunta para a concelleira que ten ao lado, que está no mesmo partido político que goberna na Deputación, tratándose dunha obra desa entidade local, na que tivo problemas coa empresa contratada para executar a obra.

O **Sr. Agís Balboa, concelleiro non adscrito**, dixo respecto do campo de fútbol de Dorrón, que o club da localidade non puido formar equipos polo deplorable estado do campo, ao non ter herba artificial, preguntando que se ía a facer sobre este asunto, que lembrou estaba no pacto de goberno. O **Sr. Fernández Piñeiro, concelleiro do Grupo Mnicipal de Sanxenxo Agrupación Liberal** contestou que se estaba a redactar o proxecto, esperando que se faga realidade pronto para buscar despois financiamento, paro o que se falará coa Deputación.

O **Sr. Otero Domínguez, voceiro do Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego**, preguntou sobre os criterios de adxudicación dos cartóns do aparcadoiro exclusivo e non de minusválidos, xa que houbo quen estivo co cartón 7 días consecutivos estacionado, polo que haberá que ter coidado. O **Sr. Alcalde** respondeu que se daban aos que traballaban en servizos sociais, explicando o caso dun médico que necesitaba dun espazo para aparcar, tendo en conta que podía ser requirido por urxencias, chegándose a un acordo polo que se lle concedeu o cartón, a cambio da súa colaboración en diversas probas deportivas, engadindo que, se se producían situacións abusivas, retirábaselle. A **Sra. Fernández Agraso, concelleira do Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego** sinalou que, en cambio, a ela multóuselle por aparcar cando viu ao concello no exercicio do seu cargo e a citada persoa, aínda por encima, comportábase como se a parada fose súa. O **Sr. Alcalde** especificou que nesas condicións a multa non estivo ben imposta e a citada concelleira tiña que dar o número da matrícula do seu vehículo, recalcando que, se se produciron abusos, podía retirarse o cartón.

E non habendo mais asuntos dos que tratar, o **Sr. Presidente** dá por finalizada a sesión, sendo as vinte e tres horas e trinta e cinco minutos, de todo o que eu, como **Secretario, DOU FE**: